



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “ARRANXO DE CAMIÑOS NO RURAL DE CUNTIS”, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

A. DEFINICIÓN DO OBXECTO.

O obxecto do contrato, ao que se refire o presente prego, é a execución da obra denominada “ARRANXO DE CAMIÑOS NO RURAL DE CUNTIS 2016”, segundo o proxecto aprobado polo Concello, que recolle as necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato, no punto dous da memoria que integra o proxecto.

O devandito proxecto, segundo resulta da resolución da súa aprobación, e do informe do técnico municipal, consta de cantos documentos son esixidos no artigo 123 do TRLCSP, despois de contemplarse na súa elaboración o disposto no Libro Segundo, Título Primeiro, Capítulo II, Sección segunda do RCAP.

A Memoria, os planos, os cadros de prezos, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares, revestirán carácter contractual.

B. CÓDIGO DE CLASIFICACIÓN CPV.

Ver Anexo IV.

C. NECESIDADES A SATISFACER CO CONTRATO.

Para os efectos esixidos no artigo 22 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer co contrato que regula o presente prego, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, especificanse e xustifican no prego de prescricións técnicas, así como na resolución de inicio do expediente de contratación por parte do Sr. alcalde.

2. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

A. NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE.

O presente contrato ten carácter administrativo. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no seu correspondente de prescricións técnicas.

Estes contratos rexeranse, en primeiro lugar, polo aquí establecido e nos restantes documentos contractuais citados no apartado B desta cláusula. No non regulado expresamente nos devanditos documentos, este contrato rexerase polo disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (RDL 3/2011, do 14 de

novembro, en diante TRLCSP) e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos das Administracións Públicas e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, RD 1098/2001, do 12 de outubro, RGLCAP, no que non se opoña á LCSP) así como polas disposicións do réxime local directamente aplicables. De forma supletoria aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as de dereito privado. Será especialmente de aplicación supletoria a Directiva 2004/18, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos, e a restante normativa comunitaria sobre contratación pública.

En canto á prestación material dos traballos, deberá respectarse integramente a totalidade da normativa sectorial e técnica de aplicación segundo a natureza das actuacións definidas no prego de prescricións técnicas, en especial as disposicións correspondentes a materia de Seguridade e Saúde no traballo, en materia medioambiental e a normativa técnica sobre edificación, accesibilidade, prevención e protección contra incendios, etc.

Prestarase especial atención á normativa vixente en cada momento en materia de accesibilidade universal e deseño para todos e supresión de barreiras arquitectónicas para persoas con mobilidade reducida, ao tratarse dun contrato cuxas prestacións poden ser utilizadas por persoas con algún tipo de discapacidade.

O descoñecemento polo adxudicatario de calquera dos documentos contractuais ou da norma directa ou indirectamente aplicable ao contrato no lle exime do seu cumprimento.

B. DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.

Para o contrato que se subscriba ao amparo do presente prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- a. O proxecto técnico.
- b. O presente prego de cláusulas administrativas particulares.
- c. O prego de prescricións técnicas.
- d. A oferta económica que resulte adxudicataria do contrato.
- e. O documento de formalización do contrato.

En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se deduza que se trata dun evidente error de feito ou aritmético.

C. PRERROGATIVAS DO CONCELLO EN RELACIÓN CON ESTES CONTRATOS.

O órgano de contratación ostenta, en relación co contrato que regula o presente prego, as prerrogativas de interpretalo e resolvelas dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, resolvelo e determinar os efectos desta resolución, así como todas aquelas recoñecidas na lexislación vixente en relación con este contrato no presente prego e nos restantes documentos que teñan carácter contractual, todo iso de acordo co previsto no artigo 210 TRLCSP.

O exercicio destas prerrogativas realizarase de acordo co previsto nos artigos 210 e 211 do TRLCSP, sendo inmediatamente executivos os acordos que adopte o Concello ao respecto e poñendo fin á vía administrativa. As consecuencias que o exercicio destas facultades poida ter na relación económica contractual serán compensadas nos termos derivados da devandita normativa.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

D. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE.

De acordo co establecido no artigo 140 do TRLCSP, sen prexuízo das disposicións da devandita Lei relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, o órgano de contratación coidará de que non se divulgue a información a el facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial; este carácter afecta, en particular, aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das ofertas. Para estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que desen ese carácter.

Pola súa banda, o adxudicatario deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que o contrato establezan un prazo maior.

E. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Cando en calquera aspecto da execución do contrato se realice algún tratamento de datos de carácter persoal protexidos pola Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, de 13 de decembro de 1999 e o RD 1720/2007, de 21 de decembro, ou normativa que a substitúa ou complementa, o adxudicatario e todo o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos devanditos datos, nos termos da devandita normativa, obriga que subsistirá aínda despois da finalización do contrato, de conformidade co artigo 10 da citada Lei (disposición adicional 26ª do TRLCSP).

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións en que por incumprimento dos seus empregados se puidese incurrir.

Para o caso de que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, aquel terá a consideración de encargado do tratamento. Neste suposto, o acceso a eses datos non se considerará comunicación de datos, cando se cumpra o previsto no artigo 12.2 e 3 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro. As previsións do artigo 12.2 da devandita Lei son as seguintes:

- O encargado do tratamento tratará os datos conforme ás instrucións do responsable do tratamento,
- e o encargado do tratamento non aplicará ou utilizará os datos co fin distinto ao que figure no devandito contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

No caso de que un terceiro trate datos persoais por conta do contratista, encargado do tratamento, deberán de cumprirse os requisitos establecidos no apartado 3 da disposición adicional 26ª do TRLCSP.

3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O valor estimado do contrato (presuposto máximo que este pode alcanzar) recollido no proxecto técnico ascende á cantidade expresada no **anexo IV**. O seu cálculo inclúe tódolos factores de valoración e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole, o IVE figura como partida independente no **anexo IV**.

As proposicións expresarán tamén o Imposto sobre o valor engadido en partida independente. Aquelas cuxo importe sen IVE superen a base imponible do presuposto máximo de licitación, serán rexeitadas. O prezo do contrato será aquel ao que ascenda a adxudicación, que en ningún caso superará o presuposto máximo de licitación.

Se o contrato se financia con Fondos europeos, debe someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude deste e ser coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A.- CRÉDITO.

A existencia de crédito orzamentario para facer fronte aos gastos derivados da execución da obra por parte do Concello é requisito necesario para a validez do contrato.

A partida orzamentaria correspondente coa que se financiará o contrato é a recollida no Anexo IV.

A execución deste contrato abranguerá unha anualidade.

B.- FINANCIAMENTO.

Este proxecto está financiado integramente pola Deputación Provincial dentro do Plan de Obras e Servizos 2016.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo máximo de execución das obras **é de 1 mes**, ou o que se determine na adxudicación do contrato.

O cómputo do prazo iníciarase dende o día seguinte ao da data da acta de comprobación do replánteo, sempre que estea aprobado o plan de seguridade e saúde, se a Administración autoriza o inicio da obra.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados, no seu caso, para a súa execución sucesiva.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección das obras, existisen razóns para consideralo inconveniente. Non obstante, estarase ao disposto no artigo 96 do RCAP.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

6. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A competencia para contratar corresponde ao Alcalde do Concello, de acordo coa distribución de competencias establecida na disposición adicional segunda do TRLCSP.

7. JURISDICIÓN COMPETENTE E RECURSOS.

A. ORDEN JURISDICCIONAL COMPETENTE.

Todas as cuestións ou diverxencias que poidan xurdir en relación coa preparación, adxudicación, execución, efectos e extinción deste contrato de obras concertado polo Concello de Cuntis ao abeiro do presente prego resolveranse en vía administrativa, e unha vez esgotada, pola xurisdición contenciosa-administrativa dos tribunais con foro na provincia de Pontevedra.

A concorrencia a procedementos de adxudicación destes contratos supón a renuncia expresa a calquera outra xurisdición que puidese corresponder aos licitadores ou candidatos.

B. ALEGACIONES E RECURSOS.

Os lexitimados poderán interpoñer os recursos administrativos procedentes de acordo co establecido na Lei 39/2015 do 01 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como o recurso contencioso administrativo correspondente.

Sen prexuízo da interposición dos recursos indicados, os interesados poderán efectuar alegacións ás actuacións da Mesa de contratación previstas na cláusula 15 deste prego como mecanismo para tratar de corrixir actuacións que lles poidan prexudicar nos seus intereses.

C. MEDIDAS PREVENTIVAS.

En tódolos procedementos de contratación tramitados ao abeiro do presente prego, os interesados poderán solicitar a adopción de medidas provisionais a que se refire o artigo 34 do TRLCSP para corrixir infraccións de procedemento ou para impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, incluídas medidas destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación. Cando da adopción das medidas provisionais poidan derivarse prexuízos de calquera natureza para a Administración ou terceiros, a resolución poderá impoñer a constitución de caución ou garantía abondo para responder deles, sen que aquelas produzan efectos ata que a devandita caución ou garantía sexa constituída.

A decisión sobre as alegacións presentadas e sobre a adopción de medidas provisionais deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes á presentación do escrito en que se soliciten, entendéndose denegada esta petición no caso de non recaer resolución expresa sobre o particular neste prazo.

II. CLÁUSULAS DE LICITACIÓN

8. CAPACIDADE E SOLVENCIA DOS CONTRATISTAS.

A. REQUISITOS XERAIS DE CAPACIDADE E SOLVENCIA.

Poderán tomar parte neste procedemento contractual, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter personalidade xurídica e plena capacidade xurídica e de obrar.
2. Ter, no caso de persoas xurídicas, un obxecto social, fins ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, englobe as prestacións obxecto do contrato en cuestión.
3. Contar coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato ou coa autorización ou concesión administrativa correspondente cando esta obra requira algunha autorización administrativa específica.
4. Non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP na data de conclusión do prazo de presentación de solicitudes. Tampouco deberán estar incursos en tal situación cando se proceda á adxudicación do contrato.
5. Non ter participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.
6. Dispoñer da solvencia económica, financeira e técnica esixida para este contrato. Estes criterios deberán estar directamente relacionados co obxecto do contrato, proporcionados coa contía deste, e estar cuantificados, debendo asegurar que se garante a posibilidade de participación de empresas con capacidade e solvencia abunda para executar o contrato, sen establecer restricións inxustificadas á libre concorrència.

En todo caso, nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, a solvencia entenderase xustificada si se dispón da clasificación no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda.

Para acreditar a solvencia necesaria para asinar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios (artigo 63 do TRLCSP).

No suposto de persoas xurídicas pertencentes a un grupo de sociedades, e para os efectos da valoración da súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, terase en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, sempre e cando a persoa xurídica en cuestión acredite que terá efectivamente á súa disposición, durante todo o prazo de execución da obra, os medios das devanditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

B. ACTUACIÓN POR MEDIO DE REPRESENTANTES.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Os licitadores que concorreran representados por outra persoa ou os representantes dunha sociedade ou outro tipo de personificación xurídica, deberán xustificar documentalmente que están facultados para iso mediante os poderes e documentos acreditativos da personalidade, que se acompañará á proposición. Deberán aportar copia do seu DNI.

A verificación destes documentos só se esixirá ao contratista proposto como adxudicatario, e será realizada pola secretaria da Corporación.

C. CONTRATACIÓN CON UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESARIOS.

O contrato outorgarase a unha soa persoa ou entidade, se ben poderá ser concertado con dous ou máis persoas ou entidades, constituídas para os efectos deste contrato, en Unión Temporal de Empresarios (UTE). Os empresarios integrantes quedarán obrigados solidariamente respecto ao Concello, cuxos dereitos fronte a esta serán, en todo caso, indivisibles. Deberán nomear un representante único da agrupación, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato.

Cada un dos empresarios que compoñan a agrupación, acreditarán a súa capacidade e, segundo proceda, a súa solvencia e clasificación. Para a acreditación da solvencia, terase en conta a que resulte de sumar a que acredite cada sociedade.

As ofertas económicas que formulen estas agrupacións deberán indicar nomes e circunstancias dos empresarios que as formen e a participación de cada un deles na agrupación así como a firma de todos os empresarios.

A formalización da UTE en escritura pública non será necesaria ata que non se efectúe a adxudicación ao seu favor, e a súa duración deberá estenderse ata a finalización do contrato.

D. CONTRATACIÓN CON EMPRESAS ESTRANXEIRAS.

As empresas estranxeiras deberán acreditar en todo caso a súa capacidade e solvencia cos criterios establecidos no punto 8 do epígrafe A desta cláusula. Toda a documentación deberá presentarse xunto cunha tradución oficial dos correspondentes documentos.

1. Empresas comunitarias.

Terán capacidade para contratar co sector público, en todo caso, as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas e as disposicións comunitarias de aplicación, teñan capacidade xurídica, e se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se encontren establecidas estas empresas esixa a inscrición en determinado rexistro, unha autorización especial, ou a pertenza a unha organización concreta para poder prestar nel a obra de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito. A solvencia acreditarase polos medios indicados nesta cláusula, se ben a económica se entenderá referida ao documento fiscal correspondente do Estado de que se trate.

2. Empresa extracomunitarias.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea, ademais de acreditar a súa capacidade e solvencia mediante os medios indicados para as empresas comunitarias, deberán xustificar, mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público do país en cuestión, en forma substancialmente análoga. Prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio. En todo caso, estas empresas han de ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

3. Sometemento a xurisdición española.

A concorrencia de empresas estranxeiras de calquera país aos contratos que se realicen ao abeiro do presente prego supón a renuncia ao foro xurisdiccional que puidese corresponderlles, someténdose aos Xulgados e tribunais españois a que se refire a cláusula 7.A deste prego.

9. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN. PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS DE LICITACIÓN.

En cumprimento do esixido no artigo 109.4 do TRLCSP, a elección do procedemento de adjudicación motivarase de xeito adecuado na resolución de inicio do expediente de contratación.

A resolución de data 12.08.20116, dispón que “en virtude do artigo 171.d do TRLCSP, ao ser o presuposto do contrato inferior a 1.000.000 euros, esta contratación tramitarase mediante procedemento negociado. E este procedemento negociado será sen publicidade en virtude do artigo 177.2 do TRLCSP, ao ser o seu valor estimado inferior a 200.000 euros”.

O contrato adjudicarase por procedemento negociado sen publicidade en aplicación do artigo 177.2 do TRLCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en dita Lei.

Para adjudicar este contrato e salvo nos supostos nos que non exista posibilidade de promover a concorrencia, invítase, por correo ordinario, correo electrónico ou Fax polo menos a TRES (3) empresas que reúnan os requisitos de capacidade, solvencia e habilitación previstos na cláusula 8 deste prego.

Do documento de convite deixarase constancia en papel no expediente.

A adjudicación do contrato a unha das empresas invitadas realizarase de acordo ao establecido na cláusula 13 deste prego.

PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS DE LICITACIÓN.

Este contrato para unha maior publicidade publicarase polo órgano de contratación no Perfil do Contratante do Concello de Cuntis.

10. GARANTÍA PROVISIONAL.

Para concorrer á esta contratación non se esixe a constitución de garantía provisional por non considerala necesaria.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

11. PROPOSICIÓNS DOS LICITADORES E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A. MODELO DE PROPOSICIÓN E COMPROMISOS QUE SUPÓN.

As proposicións serán secretas e axustaranse ao modelo previsto neste prego. A oferta e toda a documentación que se acompañe presentaranse, en todo caso, en idioma galego ou castelán, sen emendas, rascaduras, nin contradicións internas.

A oferta económica e técnica, así como o índice da documentación administrativa, estarán asinadas polo representante legal do empresario que as presenta (ou por este mesmo se é unha persoa física), e, se é o caso, cun selo ou impresión que identifique a empresa á que representa.

Cada licitador poderá subscribir unha única proposición, e non se admitirán VARIANTES nin alternativas. Admitiranse as melloras que non incrementen o prezo de adxudicación, é dicir, aquelas que non supoñan un custe para o Concello, sendo asumidas polo adxudicatario.

1.- DESGLOSE DE MELLORAS POR CAPITULOS DO PRESUPOSTO admitidas polo Concello.

CAPÍTULO 1.- CAMIÑO A BRAGAÑA

Substitución da partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
01.02	m² Triple rega asfáltica ECR-2	5.000 m ²	3,89 €/m ²	19.450,00 €
	Tripla rega asfáltica, baseada nunha primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12, dunha segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8 e unha terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area lavada, todo debidamente compactado			

Pola partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
	MBC AC 16 SURF D (D-12)	5.000 m ²	6,88 €/m ²	34.400,00 €
	Firme a base de aglomerado en quente tipo AC 16 SURF D (D-12) de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de imprimación e rega de adherencia con emulsión tipo ECR-2			

Importe da mellora (execución material) CAP. 1 : 14.950,00 €

CAPÍTULO 2.- CAMIÑO O CASAL

Substitución da partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
02.02	m² Triple rega asfáltica ECR-2	3.646,50 m2	3,89 €/m2	14.184,89 €
	Tripla rega asfáltica, baseada nunha primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12, dunha segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8 e unha terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area lavada, todo debidamente compactado			

Pola partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
	MBC AC 16 SURF D (D-12)	3.646,50 m2	6,88 €/m2	25.087,92 €
	Firme a base de aglomerado en quente tipo AC 16 SURF D (D-12) de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de imprimación e rega de adherencia con emulsión tipo ECR-2			

Importe da mellora (execución material) CAP. 2 : 10.903,03 €

CAPÍTULO 4.- CAMIÑO LAXOS

Substitución da partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
04.02	m² Triple rega asfáltica ECR-2	2.912,00 m2	3,89 €/m2	11.327,68 €
	Tripla rega asfáltica, baseada nunha primeira rega semiprofunda con dotación de 3,5 Kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 litros de grava miúda 8/12, dunha segunda rega superficial con dotación de 2 Kg. de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda tipo 5/8 e unha terceira rega de selado con dotación de 1,5 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de area lavada, todo debidamente compactado			

Pola partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
	MBC AC 16 SURF D (D-12)	2.912,00 m2	6,88 €/m2	20.034,56 €
	Firme a base de aglomerado en quente tipo AC 16 SURF D (D-12) de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de imprimación e rega de adherencia con emulsión tipo ECR-2			

Importe da mellora (execución material) CAP. 4 : 8.706,88 €

CAPÍTULO 5.- CAMIÑO ARCOS

Substitución da partida :

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
05.02	m² Dobre rega asfáltica ECR-2	1.400,00 m2	2,13 €/m2	2.982,00 €
	Dobre rega asfáltica, sobre firme existente, baseada nunha primeira rega con dotación de 2 Kg/m2 de ECR-2 saturados con 10 litros de grava miúda 8/12 e dunha segunda rega con dotación de 1,0 Kg. de ECR-2 saturados con 5 litros de grava miúda 5/8, todo debidamente compactado			

Pola partida :



Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

PARTIDA	DESCRIPCION	UNIDADES	PREZO UNITARIO	TOTAL
	MBC AC 16 SURF D (D-12)	1.400,00 m2	6,88 €/m2	9.632,00 €
	Firme a base de aglomerado en quente tipo AC 16 SURF D (D-12) de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de imprimación e rega de adherencia con emulsión tipo ECR-2			

Importe da mellora (execución material) CAP. 5 : 6.650,00 €

Non se poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros empresarios se xa se fixo individualmente ou figuran en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas subscritas polo empresario en cuestión.

A presentación de proposicións implicará a aceptación incondicional por parte dos licitadores das cláusulas deste prego e das cláusulas do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha, así como o coñecemento e aceptación de tódalas condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración.

B. LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse, en man ou por correo certificado, no Rexistro Xeral do Concello de Cuntis – Praza da Constitución, 36.670, Cuntis- en horario de 09:00 a 13.30 horas, de luns a venres, ata o día que remate o prazo de presentación da oferta; se o prazo conclúe sábado, domingo ou festivo, trasladarase o prazo final ao primeiro día hábil seguinte. Cando as proposicións se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberá facerse igualmente dentro da data e hora indicada anteriormente, e o remitente haberá de comunicar por Fax, telegrama ou mail (contratacion@concellodecuntis.es) ao Concello de Cuntis o mesmo día que a presente, en lingua castelá ou galega, co seguinte literal:

<p style="text-align: center;">Concello de Cuntis</p> <p style="text-align: center;">Praza da Constitución, 4. 36670 Cuntis</p> <p style="text-align: center;">Texto: Presentouse por correo OFERTA para a contratación de “.....”,o día de de....</p> <p style="text-align: center;">Firma (a empresa licitante)</p>

Destes xustificantes deixarase constancia no Rexistro Municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación cando se reciba polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos dez días dende a terminación do prazo de presentación, non se admitirá ningunha oferta que non fose recibida no devandito Rexistro, tal e como prevé o artigo 80.4 do RGLCAP.

Concluído o prazo para presentar ofertas e antes da convocatoria da Mesa de contratación, a Secretaría emitirá un certificado acreditativo de todas as ofertas recibidas ou cuxa presentación fose comunicada, dentro ou fóra de prazo. O devandito certificado remitirase ao Secretario da Mesa de Contratación xunto coas ofertas recibidas.

C. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

O prazo que terán os empresarios invitados a presentar ofertas será de **7 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da recepción da invitación para participar, de conformidade co disposto no artigo 169 do TRLCSP.

As empresas interesadas en participar neste procedemento que non resultasen invitadas poderán presentar igualmente a súa oferta dentro do prazo establecido neste prego de cláusulas administrativas. O prazo para a presentación das ofertas, neste caso, comezará a contar dende o día seguinte á publicación dos pregos no perfil do contratante do Concello de Cuntis. Cando algunha destas empresas solicita do Concello a remisión formal da invitación, o prazo para a presentación da oferta rexerá igualmente dende o día seguinte á publicación destes pregos no perfil do contratante.

D. SOBRES DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E OFERTAS.

Todas as proposicións, presentaranse nun sobre pechado no que figurará a inscrición seguinte:

PROPOSICIÓN para tomar parte na CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA.....” (Denominación do contrato correspondente)”, convocada polo Concello de Cuntis, con data.....

NOME/DENOMINACIÓN e NIF/CIF DO LICITADOR
FIRMA

Dentro deste sobre maior incluíranse dous sobres, "A" e "B" pechados, coa mesma inscrición referida no cadro anterior, e co subtítulo que se indica nos apartados seguintes, en forma ben visible e sen que sexa preciso para a súa lectura abrir o sobre. No interior de cada sobre relacionarase en documento aparte o contido deste.

Cando nalgún sobre o contratista inclúa información que teña carácter de confidencial de conformidade co sinalado na cláusula 2.D deste prego, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que desen ese carácter.

- **Sobre "A"** subtitularase "**DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**", e incluírá unha DECLARACIÓN RESPONSABLE de conformidade co disposto no apartado E desta cláusula. Neste sobre incluírase, de selo caso, documento xustificativo da constitución a favor do Concello da garantía provisional. A documentación presentada irá precedida dun índice rubricado polo interesado.

- **Sobre "B"** subtitularase "**OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA VALORABLE MATEMATICAMENTE**", e incluírá o Anexo I deste prego: oferta económica e técnica valorable matematicamente, expresando, en letra e número sen contradicións nin rascaduras, a cifra económica global, na que se compromete a executar a obra en cuestión con todos os gastos que este prego atribúe ao adxudicatario, e aquelas outras cuestións que sexan avaliábeis de xeito numérico sen precisar xuízos de valor, que se



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

axustarán aos criterios de selección da oferta máis vantaxosa que, no seu caso, se establezan na cláusula 13 deste prego.

E. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE PERSONALIDADE, CAPACIDADE E SOLVENCIA, PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE CUNTIS E OBXECTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Os empresarios que concorran a este contrato convocado por esta Entidade local **deberán estar en disposición de acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos esixidos neste prego que se relacionan a continuación.**

1. Cando se trate dun empresario individual: Documento Nacional de Identidade ou aquel que o substitúa regulamentariamente.

2. No caso de persoas xurídicas:

2.a. Empresas sen clasificación: Escritura de constitución da sociedade e, no seu caso de modificación, inscrita no Rexistro Mercantil cando este rexistro sexa legalmente exixible. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

2.b. Copia do CIF da empresa e copia do DNI do representante da persoa xurídica. No caso de actuar por medio de representante deberase aportar tamén poder acreditativo da súa representación en orixinal ou copia compulsada.

2.c. Declaración sobre o grupo empresarial: Lista completa de empresas vinculadas a cada un dos licitadores e declaración xurada na que se faga constar expresamente se na mesma licitación presentan ou non proposicións económicas outras sociedades dun mesmo grupo empresarial (entendéndose por sociedades dun mesmo grupo empresarial aquelas que se encontren nalgún dos supostos contemplados no artigo 42.1 do Código de Comercio) sinalando en caso afirmativo as denominacións sociais das correspondentes empresas.

2.d. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación en caso de empate coa preferencia á que se fai mención na cláusula 13 B deste prego, deberán presentar os documentos que acrediten as circunstancias correspondentes.

3. Certificado de inscrición expedido polo REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E EMPRESAS CLASIFICADAS DO ESTADO, no caso de que se teña. Este certificado eximirá aos licitadores da acreditación da documentación relativa a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. Sempre que cada un destes datos consten no certificado presentado.

O empresario deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. Si se tivese producido alteración dos datos

rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4. Comprometerse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Estes medios, de selo caso, indícanse no prego de prescricións técnicas. (Anexo II/Anexo III).

5. Documentación acreditativa da habilitación profesional ou empresarial necesaria para a realización do obxecto do contrato, de selo caso. Substitúese por unha declaración responsable (Anexo II/III).

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

6. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP. Esta declaración responsable deberá incluír unha referencia expresa á circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social imposta polas disposicións vixentes (Anexo II / Anexo III).

7. No caso de agrupacións de Empresas que se constitúan temporalmente coa finalidade de contratar co Concello de Cuntis, presentaranse todos os documentos indicados nos números anteriores correspondentes a cada unha das empresas que integrarán a UTE, xunto co compromiso en documento privado que asumen a súa constitución en caso de resultar adxudicatarios, indicando os nomes e circunstancias de cada un dos empresarios que a van constituír e a participación de cada un deles. O devandito documento deberá ir asinado por todos os empresarios que pretendan agruparse.

8. As empresas estranxeiras deberán presentar a documentación acreditativa da súa capacidade para subscribir contratos co sector público español recollidos na cláusula 8.D deste prego e a declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

9. Dirección, teléfono e Fax do empresario e do seu representante se é o caso, para as comunicacións con este Concello. Estes datos están incluídos no modelo de declaración responsable (Anexo II / Anexo III). En canto ao correo electrónico a súa mención na declaración responsable implica o recoñecemento de que a devandita dirección electrónica está baixo o control do interesado, e que este acepta que as notificacións lle sexan remitidas á dirección electrónica así designada.

A achega inicial da documentación establecida no apartado 1, do artigo 146 do TRLCSP (documentos que acreditan a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso a súa representación, e os que acrediten a clasificación ou no seu caso a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar e a dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións), substitúese por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (Anexo II / Anexo III).

Polo tanto para concorrer á licitación deste contrato bastará con que o interesado aporte no sobre A exclusivamente o seguinte documento:

- **No caso de persoas físicas** soamente é necesario presentar a declaración responsable para persoas físicas (Anexo II).



- **No caso de persoas xurídicas** soamente é necesario presentar a declaración responsable para persoas xurídicas (Anexo III).

A **acreditación documental** dos requisitos enumerados neste apartado E e declarados responsablemente, corresponderalle ao licitador proposto para a adxudicación.

12. REXEITAMENTO DAS PROPOSICIÓNS.

A. Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato as proposicións presentadas polos licitadores que non reúnan os requisitos de capacidade e solvencia esixidos, ou non acheguen ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e solvencia. O sobre que conteña a oferta económica destas empresas non será aberto, tal e como establece o artigo 83.5 do RGLCAP.

B. Na valoración das ofertas económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalguna das causas seguintes:

1. Superar o presuposto máximo de licitación ou o prazo máximo sinalado para a execución da obra prevista no prego.
2. Presentar máis dunha proposición ou subscribir proposta en unión temporal con outros empresarios cando se fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal.
3. Presentar proposicións con variantes ou alternativas, se non están previstas para este contrato.
4. Presentar a oferta económica nun modelo substancialmente diferente do establecido no anexo I para a oferta económica.
5. Non presentar a oferta nos termos establecidos no apartado D da cláusula 11, ou incluír no sobre "B" datos que deban figurar no sobre "A" de acordo coa devandita cláusula, e viceversa.
6. Presentar a oferta fóra de prazo, en lugares diferentes aos indicados na cláusula 11.B, non comunicar a presentación por correo, por Fax ou telegrama ou recibirse a devandita oferta no concello pasados dez días dende a terminación do prazo de presentación de ofertas.
7. Non emendar no prazo establecido as deficiencias que a Mesa de contratación tivese detectado na documentación presentada polos licitadores no sobre "A".
8. Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do presente prego ou do prego de prescricións técnicas.
9. Non valorar a totalidade do obxecto a executar ou conter cálculos ou medicións manifestamente erróneos que non sexan meramente aritméticos.

10. Realizar formulacións tecnicamente inviables ou manifestamente defectuosos.

11. Recoñecemento por parte do licitador, no acto de apertura das proposicións económicas ou con anterioridade ou posterioridade ao mesmo, de que a súa proposición adoece de error ou inconsistencia que a fan inviables.

12. Non xustificación da oferta realizada en caso de estar incurso en presunción de temeridade ou non ser aceptada a xustificación ofertada polo órgano de contratación á vista dos informes técnicos solicitados para o efecto.

As ofertas excluídas non serán tomadas en consideración no procedemento de adxudicación.

13. VALORACIÓN DAS OFERTAS E ASPECTOS DE NEGOCIACIÓN.

A. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN

Ver Anexo IV

B. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DA OFERTA ECONÓMICAMENTE MAIS VANTAXOSA.

Ver Anexo IV

C. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN NO CASO DE EMPATE.

Cando tras efectuar a ponderación de todos os criterios de valoración establecidos para o contrato, se produza un empate na puntuación outorgada a dous ou máis ofertas, utilizaranse os seguintes criterios para resolver a devandita igualdade:

Darase preferencia ás empresas que acrediten dispoñer no seu equipo, ao tempo de presentar a proposición, unha maior porcentaxe de traballadores fixos cunha minusvalía por enriba do 2% legalmente establecido como mínimo (disposición adicional cuarta do TRLCSP).

14. OFERTAS DESPROPORCIONADAS.

A temeridade valorarase terminada a fase de negociación tendo en conta exclusivamente as ofertas definitivas.

Consideraranse desproporcionadas, ou anormalmente baixas ou temerarias, as ofertas que ofrezan un prezo de adxudicación inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Se só existisen dúas ofertas, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta; e se concorrese un único licitador, cando a súa oferta sexa menor do 25% do presuposto de licitación sinalado.

Cando unha ou máis ofertas sexan consideradas inicialmente desproporcionadas en función da aplicación dos criterios numéricos sinalados nos parágrafos anteriores, a Mesa de contratación puntuará igualmente a devandita oferta. Seguidamente o Presidente da Mesa concederá ao contratista afectado un prazo de TRES DÍAS NATURAIS (3), a contar dende a data de comunicación de tal circunstancia, para que xustifique as razóns que lle permiten prestar o servizo nas condicións ofertadas. Á vista da devandita motivación solicitará un informe aos técnicos municipais para determinar se a xustificación realizada polo proponente é asumible. Concluídos estes trámites remitirá todo o actuado ao órgano de contratación para que resolva sobre a adxudicación.



15. MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 10 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario dela e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos, catro vogais, entre os que estará o secretario ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela.

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- D. Manuel Campos Velay, Alcalde do Concello, que actuará como presidente da mesa.
- D. María Fernanda Montero Parapar, vogal (secretaria da Corporación)
- D. Sergio Curra Moreira (interventor da Corporación).
- D. Ángel Güimil Sánchez, vogal.
- D. José E. Portela Pisos, concelleiro.
- Un funcionario de la Corporación que actuará como secretario da mesa.

A mesa de contratación constituirase entre o primeiro e o sexto día hábil despois da finalización do prazo de presentación das ofertas, ás 10:00 horas, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

Se fora necesario, a mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Procederase despois á apertura e exame do sobre «B» e comezará a negociación do contrato.

NEGOCIACIÓN DO CONTRATO:

O órgano de contratación negociará cos candidatos as ofertas que estes presenten para adaptalas aos aspectos obxecto de negociación, co fin de identificar a oferta economicamente mais vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no anexo IV.

A negociación articularase do seguinte xeito:

A mesa de contratación, órgano negociador, avaliará as proposicións “iniciais” recibidas, mediante a elaboración dun informe inicial no que se analicen as proposicións técnicas e económicas presentadas en relación cos criterios de adxudicación e se expresen as características e vantaxes de cada unha delas. Este

informe realizárase de tal forma que non recolla información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial, e en particular segredos técnicos e/ou comerciais, e comunicárase a cada candidato a través da dirección de correo electrónico indicada no sobre A, en que posición se atopa, especificando as características e vantaxes da súa proposición e do resto das proposicións presentadas de acordo co informe inicial antes citado, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade dos candidatos.

Xunto co informe anterior o órgano de contratación invitará ás empresas clasificadas a presentar, nun prazo non superior a dous días, unha segunda oferta, que será “definitiva” que mellore a primeira. Deberase igualmente presentar as ofertas melloradas en sobre pechado.

As novas ofertas terán que concretar a mellora que se ofrece, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

No procedemento tense que facilitar a mesma información a todos os candidatos. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supoñer unha vantaxe para algún candidato en detrimento dos outros. Co gallo de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación debe habilitar o sistema que crea mais axeitado para darlle publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todos os interesados.

As proposicións presentadas teñen carácter firme e deben manterse en todo caso ata o prazo máximo de resolución do contrato.

Concluída a fase de negociación a Mesa de Contratación valorará os aspectos das ofertas avaliábeis coas fórmulas matemáticas establecidas no prego, ben no mesmo acto público ou interrompendo este polo tempo mínimo necesario para realizar os cálculos correspondentes. Continuarase, se é o caso, o acto público no que se decatará nos criterios avaliábeis con fórmulas matemáticas e a puntuación global outorgada a cada oferta.

A Mesa clasificará, por orden decrecente en función da valoración obtida por cada unha, as proposicións presentadas e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa. Esta proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor del contratista ou contratistas incluídos nela.

Todo iso sen prexuízo da potestade do órgano de contratación de solicitar, antes de adxudicar o contrato, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego, tal e como prevén os artigos 151 e 160 do TRLCSP.

A clasificación das ofertas e a proposta de adxudicación publicarase no perfil do contratante, dispoñendo os interesados dun prazo de tres días para formular alegacións á devandita clasificación, sen que este prazo interrompa o trámite de requirimento o licitador proposto como adxudicatario para achegar a documentación precisa para a adxudicación do contrato, salvo pronunciamento expreso noutro sentido do órgano de contratación cando as alegacións presentadas así o aconsellen.

III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

16.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONÓMICAMENTE MAIS VANTAXOSA.



A. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA FORMULAR A ADXUDICACIÓN.

No prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte aquel en que o contratista que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa tivese recibido o requirimento en tal sentido, este deberá achegar a documentación que se especifica no seguinte apartado desta cláusula.

Delégase no Presidente da Mesa a función que o artigo 151.2 do TRLCSP atribúe ao órgano de contratación para efectuar este requirimento.

B. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O licitador requirido deberá presentar a documentación seguinte no Rexistro Municipal:

1. Documentación acreditativa de estar en posesión e da validez do establecido no apartado 1, do artigo 146 do TRLCSP:
 - Documentos que acreditan a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso a súa representación.
 - Os que acrediten a clasificación ou no seu caso a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
 - Certificación administrativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma, expedida na forma e polos órganos previstos no artigo 13 do RGLCAP, na que figure expresamente a cualificación de "positiva". Esta certificación deberá ter unha antigüidade menor de 6 meses dende a súa emisión.
 - Certificación administrativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, expedida na forma e polos órganos previstos no artigo 14 do RGLCAP, na que figure expresamente a cualificación de "positiva". Esta certificación deberá ter unha antigüidade menor de 6 meses dende a súa emisión.
2. No caso de resultar adxudicatarios os ofertantes que se comprometeran a constituírse en UTE, deberán aportar neste momento a escritura pública de constitución, así como o NIF outorgado á Agrupación.
3. Garantía definitiva de acordo co establecido na cláusula seguinte de este prego.
4. Póliza seguro de Responsabilidade Civil e recibo de pago, no seu caso.

No caso de presentar certificado de inscrición nos rexistros xerais de contratistas, esta certificación so acreditará os datos expresamente consignados na mesma.

De non presentar esa documentación no prazo indicado ou resultar da mesma que o contratista non se encontra ao corrente coas devanditas obrigas, solicitarase a acreditación destes requisitos aos sucesivos licitadores pola orde de prelación das súas respectivas ofertas establecida pola Mesa de contratación de valoración (artigo

151.2 TRLCSP), concedéndose a estes un prazo de dez días hábiles para achegar tal documentación.

O Concello derivará responsabilidades contra o contratista ou contratistas que por esta causa non permitisen a adxudicación do contrato á súa oferta. Esta indemnización será como mínimo equivalente á diferenza de valor entre a oferta primeiramente elixida e a que finalmente resulte adxudicada.

17.GARANTÍA DEFINITIVA.

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

18. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN.

A. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación adxudicará o contrato, mediante resolución motivada, ao licitador que realizase a oferta economicamente máis vantaxosa en conxunto, de acordo coa proposta que realizase a Mesa de contratación.

A adxudicación deberá producirse dentro dos CINCO DÍAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato. De non se producir a adxudicación dentro do prazo sinalado, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía provisional no caso de terse esixido.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Cando non proceda a adxudicación do contrato ao licitador que tivese resultado ser o posuidor da oferta economicamente máis vantaxosa por non cumprir este as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria, o órgano de contratación solicitará a mesma documentación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedasen clasificadas as súas ofertas, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprir o sinalado no segundo parágrafo do apartado anterior. Este mesmo procedemento seguirase tamén cando se resolva anticipadamente o contrato.

B. NOTIFICACIÓN E PUBLICACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A resolución de adxudicación notificarase a todos os candidatos ou licitadores, mesmo aos que resulten excluídos e publicarase no perfil do contratante, indicando, en todo caso, o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, efectuarase por correo electrónico a dirección que os licitadores ou candidatos tivesen designado ao presentar as súas proposicións, considerándose rexeitada a notificación se non se abre o correo no prazo de CINCO DÍAS, de acordo co establecido no parágrafo final do art.º 151.4 do TRLCSP. Estas comunicacións estarán autenticados mediante firma electrónica recoñecida, de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro (DÁ 16ª, apartado 1, f do TRLCSP).

Contra o acordo de adxudicación poderán interpoñer os interesados recurso previsto na cláusula 7.B deste prego, ou directamente o recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na lexislación correspondente.

19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PUBLICACIÓN.

A. PRAZO E FORMA DE FORMALIZACIÓN.

Os contratos que se realicen conforme ao presente prego perfecciónanse coa súa formalización, de acordo co establecido no artigo 27 do TRLCSP. En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato ata a súa formalización, de acordo co regulado no artigo 156.5 do TRLCSP.

Con carácter previo ao comezo dos traballos, deberá formalizarse un contrato en DOCUMENTO ADMINISTRATIVO, que será título abondo para acceder a calquera rexistro público; non obstante, poderá elevarse a escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

A formalización deberá realizarse antes de que transcorran QUINCE DÍAS HÁBILES dende que se reciba a notificación da adxudicación.

B. CONSECUENCIAS DA FALTA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado no apartado A desta cláusula, impoñerase a penalización que corresponda.

Neste caso o órgano de contratación poderá adxudicar o contrato ao licitador ou licitadores seguintes a aquel pola orde que quedasen clasificadas as súas ofertas, ou declarar extinguido o procedemento de contratación en cuestión se resultase máis conveniente para os acordos municipais. Para estes efectos, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles no que se ha de proceder á formalización do contrato, sen que o contratista concorrese ao acto de formalización ou sen que achegase de xeito correcto os documentos establecidos nesta cláusula a tal efecto, concederáselle, mediante comunicación por correo electrónico, un prazo improrrogable de TRES DÍAS NATURAIS para que xustifique, por unha causa que non lle sexa imputable, a falta de concorrencia á formalización e compareza para esta coa documentación correspondente. No caso contrario, o órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador seguinte, concedendo a este o prazo para achegar a documentación e concorrer á firma do contrato. A indemnización a que se refire o parágrafo anterior será como mínimo equivalente á diferenza de valor en termos económicos entre a oferta do contratista que non concorre á formalización e do novo adxudicatario.

Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar. En todo caso adoptarase acordo expreso declarando extinguido o procedemento de contratación en cuestión e aprobando a indemnización correspondente ao contratista proposto como adxudicatario.

C. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN.

A formalización deste contrato publicarase no perfil de contratante do Concello de Cuntis indicando os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación, en virtude do disposto no artigo 154.2 do TRLCSP.

A formalización dos contratos de servizos cuxa contía sexa igual ou superior a 100.000 € publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e no perfil de contratante do Concello de Cuntis indicando os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación e na formalización.

IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO

20. EXECUCIÓN MATERIAL DAS OBRAS.

A execución material das obras realizarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas no contrato, e por remisión deste ao resto de documentos contractuais citados na cláusula 2.B deste prego especialmente o prego de prescricións técnicas que define os traballos e na proposta que o adxudicatario fixese na súa oferta técnica, de ser o caso. O adxudicatario deberá executalas obras contratadas aplicando sempre a dilixencia esixible ás boas prácticas do sector, e conforme ás instrucións que en interpretación do contrato dera o órgano de contratación.

As actuacións de seguimento e control da execución material do contrato realizaranse sen prexuízo dos controis administrativos sobre a execución formal e documental do contrato que realicen os servizos municipais de Secretaría e Intervención.

Cantas incidencias xurdan entre o órgano de contratación e o contratista, tramitaranse mediante expediente contraditorio de acordo co disposto no artigo 97 RLCAP.

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente no momento de execución das obras en materia laboral, de seguridade e saúde, e protección e xestión ambiental. As sancións que as autoridades competentes poidan impoñer polo



incumprimento destas normas han de ser asumidas polo contratista, podendo suspender o Concello o pagamento das facturas ata que se acredite o seu aboamento, sen que esta paralización xere dereito a intereses a favor do contratista.

21. PRINCIPIO DE RISCO E VENTURA.

De acordo co establecido no artigo 215 do TRLCSP, a execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para os contratos de obras no artigo 231 do TRLCSP, que regula os supostos de forza maior.

22. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

No prazo que se sinale no documento de formalización do contrato, e en todo caso, dentro do prazo dun mes dende a data de formalización daquel, o responsable do contrato, no seu caso, ou o órgano da Administración encargado das obras, procederá á comprobación da reformulación feita previamente á licitación, no que intervirán o contratista ou a súa representación legal e o director da obra, estendéndose acta que deberá ser asinada por todos os intervenientes. A acta deberá recoller expresamente o disposto no artigo 140 do RCAP.

Se o resultado da comprobación demostra, a xuízo do director da obra e sen reserva por parte do contratista, a viabilidade do proxecto e a dispoñibilidade dos terreos, darase por aquel a autorización para o seu inicio, empezando a contarse o prazo de execución dende o día seguinte ao da firma da acta. No caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivese feito outras observacións que puidesen afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo desta, xustificándoo na propia acta. A autorización de inicio constará explicitamente nesta, quedando notificado o contratista polo feito de subscribila.

Naqueles casos nos que non resulten acreditadas as circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendida a iniciación destas, facéndoo constar na acta, quedando obrigado o responsable do contrato, se é o caso, ou o órgano da Administración encargado das obras, a dar conta inmediata á Administración, que resolverá o que proceda. O réxime da modificación axustarase ao previsto no artigo 141 do RCAP.

En tanto sexa ditada a resolución, quedará suspendida a iniciación das obras dende o día seguinte á firma da acta, computándose a partir da devandita data o prazo de seis meses a que fai referencia o artigo 237 b) do TRLCSP.

Desaparecida a causa que motivou a falta de inicio, o órgano de contratación ditará a resolución correspondente, que se notificará fehacemente ao contratista. O prazo de execución empezará a contarse dende o día seguinte á recepción da notificación do acordo de autorización de inicio das obras.

O disposto anteriormente aplicarase igualmente cando o contratista formulase

reservas no acto de comprobación da reformulación. Non obstante, se a xuízo do órgano de contratación tales reservas resultasen infundadas, non quedará suspendida a iniciación das obras nin, en consecuencia, será necesario ditar novo acordo para que se produza a iniciación destas e se modifique o cómputo do prazo para a súa execución.

No caso de que o expediente fose declarado de tramitación urxente, por aplicación do disposto no artigo 112 do TRLCSP, o órgano de contratación poderá acordar o inicio da obra inmediatamente despois da adxudicación definitiva, sen prexuízo de canto proceda no referente á acta de comprobación da reformulación.

A acta de comprobación da reformulación formará parte integrante do contrato para os efectos da súa esixibilidade.

23. ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE, ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

En aplicación do artigo 4 do RD. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o promotor está obrigado, na fase de redacción do proxecto, a elaborar nos casos do apartado 1, do artigo 4 do RD 1627/1997, un estudo de seguridade e saúde ou ben un estudio básico de seguridade e saúde nos casos do apartado 2 do citado artigo.

En aplicación do estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, do estudo básico, cada contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra. No devandito plan incluíranse, se é o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución dos niveis de protección previstos no estudo ou estudo básico.

No caso de plans de seguridade e saúde elaborados en aplicación do estudo de seguridade e saúde as propostas de medidas alternativas de prevención incluírán a valoración económica destas, que non poderá implicar diminución do importe total, de acordo co segundo parágrafo do apartado 4 do artigo 5 do RD 1627/1997.

Ao tratarse dunha obra contratada polo Concello, o plan, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e de saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación ao órgano de contratación.

Cando non sexa necesaria a designación de coordinador, as funcións que se lle atribúen nos parágrafos anteriores as asumirá a dirección facultativa

En todo caso, respecto do plan de seguridade e saúde nas obras de construción estarase ao disposto sobre este no RD. 1627/1997, do 24 de outubro.

Así mesmo, nos supostos de obras en que concorran actividades empresariais nun mesmo centro de traballo, estarase ao disposto na disposición adicional primeira do Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais en materia de coordinación de actividades empresariais.

Conforme ao establecido no artigo 16.2.a) do Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, Reguladora da Subcontratación no Sector da Construción (R.D. 1109/2007), o contratista deberá comunicar cada subcontratación anotada no Libro de Subcontratación ao coordinador de seguridade e saúde.



24. COMUNICACIÓN DA APERTURA DO CENTRO DE TRABALLO.

A comunicación da apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente deberá ser previa ao comezo dos traballos e a presentará o contratista.

A comunicación de apertura incluírá o plan de seguridade e saúde ao que se refire o artigo 7 do RD 1627/1997.

25. PROGRAMA DE TRABALLO.

En virtude do artigo 144 do RCAP, e ao non esixirse polo redactor do proxecto o contratista non está obrigado a presentar un programa de traballo no prazo de 30 días dende a formalización do contrato.

26. INTERPRETACIÓN DO PROXECTO.

Corresponde ao director da obra e, no seu caso, ao responsable do contrato, no ámbito das súas respectivas competencias, a interpretación técnica do proxecto e a facultade de ditar as ordes para o seu desenvolvemento.

O contratista non poderá aducir, en ningún caso, indefinición do proxecto.

Se ao seu xuízo, adocese dalgunha indefinición deberá solicitar por escrito do director da obra a correspondente definición coa antelación suficiente á súa realización, quen deberá contestar no prazo dun mes á citada solicitude.

27. DIRECCIÓN DAS OBRAS.

O órgano de contratación, a través da dirección das obras e, no seu caso, do responsable do contrato, efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra executada, axustándose ao disposto nas cláusulas 4 e 21 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

Será misión exclusiva do director a comprobación da realización das obras segundo o proxecto, así como as súas instrucións no curso da execución destas.

Nas súas ausencias estará representado, para todos os efectos, polo auxiliar técnico por el designado.

O contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da dirección das obras e, no seu caso, ao responsable do contrato, que terán libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

A dirección das obras terá acceso igualmente ao Libro de Subcontratación, conforme ao disposto no artigo 8.1 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (LRSSC). Cando o contratista, ou as persoas de el dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a

boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir la adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

A dirección poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente ou de obstáculos imprevistos. O contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo dos cales a dirección da obra promova con posterioridade á tramitación administrativa correspondente.

O procedemento a seguir nos casos de forza maior do artigo 214.2 da LCSP, será o establecido no artigo 146 do RCAP.

A resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato tramitarase, mediante expediente contradictorio, de acordo co establecido no artigo 97 do RCAP.

Durante a execución do contrato, o adxudicatario asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute conforme ás instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola dirección e inspección da obra.

28. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS CONTRACTUAIS.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias previstas no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

As penalidades imponseñanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

29. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA POR DANOS E PREXUÍZOS.

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma. En todo caso, será de aplicación o recollido no artigo 198 da LCSP.

30. PERSOAL DA EMPRESA CONTRATADA.

A. O contratista realizará todos os traballos incluídos neste contrato co persoal preciso, con independencia dos dereitos sociais dos traballadores (permisos, vacacións, licenzas) ou das baixas que se produzan.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

B. O persoal que o empresario destine á execución do contrato non terá vinculación laboral ou de ningún outro tipo co Concello, debendo ser contratados no réxime ou modalidade que legalmente corresponda polo adxudicatario. Á extinción do contrato de obras, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello contratante.

C. O contratista está obrigado a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este incumprimento. Estará obrigado a realizar unha declaración expresa neste sentido.

31. MEDIOS MATERIAIS.

Se os medios materiais e humanos destinados á execución dos traballos fosen un dos criterios de valoración das ofertas, a achega destes será considerado obriga esencial do contrato e o seu incumprimento causa de resolución.

32. SEGUROS.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Será necesario por iso que concerte un contrato de seguro de responsabilidade civil xeral por riscos profesionais que inclúa os citados no parágrafo anterior, garantindo unha cobertura de 300.000 euros.

Nesta póliza deben figurar expresamente como asegurados os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución das obras imputables ao adxudicatario.

O adxudicatario comprometerase a manter a póliza de seguro nas condicións descritas dende a firma do contrato ata a finalización deste.

V. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

33. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado o contrato este non poderá ser modificado nin directa nin indirectamente, aínda que a modificación pretendida non teña repercusión económica directa sobre o prezo do contrato. Tampouco poderán ser alteradas as melloras no seu caso que ofertou o adxudicatario.

Só poderán modificarse os contratos despois da súa adxudicación nos casos e coas condicións que se recollen a continuación. Se non concorren estas circunstancias, as

prestacións que sexa necesario executar deberán ser contratadas de xeito independente polo procedemento que en cada caso sexa procedente, resolvéndose, se fose necesario, o contrato.

As condicións de execución do contrato ou o contido das súas prestacións poderán ser modificados, por razóns obxectivas de interese público debidamente acreditadas de forma específica no expediente de modificación contractual para o caso de que se trate, nos supostos establecidos no artigo 107.1 do TRLCSP.

En todo caso, estas modificacións non poderán supoñer nin directa nin indirectamente unha alteración das condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

MODIFICACIÓNS EXECUTADAS SEN APROBACIÓN PREVIA

Si o contrato se modificase de facto sen a previa aprobación polo órgano de contratación e formalización da correspondente addenda ao contrato inicial, esta actuación será considerada incumprimento contractual moi grave, e levará aparellada a penalización correspondente.

34. SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO.

Cando o órgano de contratación ordene por razóns de interese público a suspensión dos traballos, de xeito total ou parcial, ou o contratista suspenda o cumprimento do contrato por demora no pagamento da Administración superior a catro meses, levantarase unha acta sinalando as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. Nestes casos o Concello aboará ao contratista os danos e perdas que efectivamente se lle causasen, se é o caso.

Tras a aprobación do levantamento da suspensión do contrato, actualizarase o Programa de Traballos e no seu caso a nova data de finalización da execución do contrato.

Poderán decidir tamén as partes de mutuo acordo suspensións temporais na execución do contrato cando circunstancias sobrevidas o aconsellen, prorrogándose neste caso o prazo de execución.

35. NOVACIÓN SUBXECTIVA DO CONTRATO.

A. CESIÓN DO CONTRATO.

Os dereitos e obrigas dimanantes dos contratos de obras subscritos ao abeiro do presente prego só poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, de acordo co previsto no artigo 226 do TRLCSP, cando as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato e se cumpran os requisitos seguintes:

1. Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
2. Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato.
3. Que o cesionario teña a capacidade e solvencia esixida para realizar o contrato de cuxa cesión se trate.
4. Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.
5. Que o cesionario constituía garantía definitiva na mesma contía que o cedente constituíu.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Realizados os trámites anteriores, o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

B. SUPOSTO DE SUBROGACIÓN DIRECTA DO CONTRATISTA.

Nos casos de FUSIÓN DE EMPRESAS nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou co resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes deste. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou coa que resulte da fusión, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes deste, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que se responsabilicen solidariamente as sociedades afectadas nos termos establecidos no artigo 85 do TRLCSP.

36. SUBCONTRATACIÓN DOS TRABALLOS.

A. NORMAS XERAIS DA SUBCONTRATACIÓN.

Os traballos obxecto do presente contrato poderán ser subcontratados polo adxudicatario nos termos previstos no artigo 227 do TRLCSP.

Ademais, o contratista deberá comunicar ao Concello, de acordo co previsto na disposición adicional 18 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do Imposto da renda das persoas físicas os datos seguintes:

- Identificación do subcontratista.
- Identificación das partes do contrato a realizar polo subcontratista.
- Importe das prestacións a subcontratar.

B. INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS EN MATERIA DE SUBCONTRATACIÓN.

O incumprimento destas condicións en materia de subcontratación será considerado incumprimento contractual grave, e leva consigo, ademais da penalización correspondente, unha indemnización por danos e perdas equivalente á sanción que no seu caso lle puidese ser imposta a este Concello pola Administración Tributaria e/ou Social.

37. REVISIÓN DE PREZOS.

Non procederá a revisión de prezos nos contratos cuxo prazo de execución material sexa inferior a un ano.

VI. DEREITOS E OBRIGAS

38. ABONOS AO CONTRATISTA.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supoñendo, polo tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos a conta, logo de petición escrita do contratista por abastos de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o TRLCSP, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

39. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Son de conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexa en boletíns, diarios oficiais, ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan, en especial a taxa por prestación de servizos urbanísticos, polo concepto de licenza de obras e outros, ademais de cantos visados sexan preceptivos para a entrega debidamente legalizada das instalacións.

Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xenerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, en especial o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras se este fóra esixible, o IVE e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia deste.

Así mesmo, virá obrigado á subscrición, ao seu cargo, das pólizas de seguros que considere convenientes o órgano de contratación.

O contratista está obrigado a instalar, á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, as de circulación na zona que ocupan os traballos, así como as dos puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindes ou inmediacións, así como a cumprir as ordes a que se refire a cláusula 23 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

O contratista está obrigado non só á execución das obras, senón tamén á súa conservación e policía ata a recepción e durante o prazo de garantía destas. Igualmente, o adxudicatario responderá da vixilancia dos terreos así como dos bens que haxa nestes, de conformidade no disposto da cláusula 33 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado. Se así fóra requirido pola dirección da obra, o contratista terá a obriga de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a recepción destas.

O contratista asume coa participación neste procedemento a obriga de, dende o inicio das obras (acto de comprobación do replánteo) ata a súa total terminación, poñer un cartel informativo segundo os modelos esixidos pola Deputación Provincial de Pontevedra.

O contratista asumirá os gastos de publicidade nos que incorrese o Concello con motivo da tramitación deste procedemento.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

40. PAGO POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS.

A. FORMA DE PAGO

O prezo do contrato aboarase previa presentación e aprobación da certificación de obras e da factura polo órgano competente.

B. PRAZOS DE PAGO.

De acordo co disposto no artigo 216.4-TRLCSP o Concello ten a obriga de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a realización total ou parcial do servizo. A demora no prazo superior ao establecido legalmente xerará a favor do contratista os xuros de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante, se a factura contén algún erro ou omisión ou non fora presentada debidamente, o prazo para esixir os xuros de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que conteña a factura e sexa presentada no Concello outra vez.

C. PRESENTACIÓN DE FACTURAS NO REXISTRO ADMINISTRATIVO E IDENTIFICACIÓN DE ÓRGANOS.

O contratista terá a obriga de presentar as facturas que expedise polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

As facturas por importe superior a 5.000 € deberán ser presentadas en formato electrónico.

Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello de Cuntis co CIF P3601500F está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

- L01360157 INTERVENCIÓN (Oficina Contable)
- L01360157 ALCALDÍA (Órgano Xestor)
- L01360157 CENTROS GESTORES (Unidade Tramitadora)

Para calquera dúbida o adxudicatario poderase dirixir ao seguinte correo electrónico: contabilidade@concellodecuntis.es

41. INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS.

O incumprimento das diferentes obrigas establecidas neste prego e nos restantes documentos contractuais citados na cláusula 2.B deste terá, para os efectos da súa penalización, a tipificación de leves, graves ou moi graves.

A. INCUMPRIMENTOS LEVES. Reciben esta tipificación:

- a) A falta de execución ou execución incompleta das melloras ofertadas polo adxudicatario, salvo que as melloras tivesen sido un dos criterios de adxudicación do contrato, en cuxo caso se cualificará a infracción como moi grave.
- b) Os cumprimentos defectuosos de calquera das obrigas contractuais que non sexa tipificada como graves ou moi graves nos apartados seguintes sempre que non sexan reiterados e se emenden a primeiro requirimento por parte do responsable do contrato.

B. INCUMPRIMENTOS GRAVES. Consideraranse incumprimentos contractuais graves, ademais dos cualificados así nas diferentes cláusulas deste prego, os seguintes:

- a) Os incumprimentos dos compromisos concretos ofertados polo adxudicatario en todas as cuestións que servisen como criterios de valoración das ofertas.
- b) Calquera incumprimento no referente a actuacións ambientais na execución das prestacións, emenda de deficiencias detectadas nos controis de calidade, modificacións do contrato ou subcontratación.
- c) A desobediencia ás ordes que dea por escrito o órgano de contratación para a debida realización do obxecto do contrato salvo cando sexan cualificadas como moi graves.
- d) A reiterada obstrución polo adxudicatario do labor inspectora do órgano de contratación.
- e) A interrupción ou suspensión non autorizada da execución das obras.
- f) Calquera forma de fraude na forma da execución das obras, non utilizando os medios ou materiais axeitados.
- g) O incumprimento das normas sobre subcontratación sinaladas na cláusula 36.
- h) A comisión de tres ou máis faltas leves da mesma ou distinta natureza no mesmo ano.

C. INCUMPRIMENTOS MOI GRAVES. Terán a consideración de incumprimentos contractuais moi graves, ademais dos cualificados así nas diferentes cláusulas deste prego, os seguintes:

- a) Os incumprimentos dos compromisos concretos ofertados polo adxudicatario en todas as cuestións que servisen como criterios de valoración das ofertas.
- b) Non notificar as incapacidades ou incompatibilidades que tivesen podido sobrevenir á empresa ou a algún membro do seu persoal.
- c) Os incumprimentos do contratista en materia de seguridade e saúde no traballo que impliquen evidente risco para a saúde ou integridade física dos traballadores. De igual modo, as deficiencias na execución das obras que poidan implicar risco para a seguridade das persoas en xeral.
- d) O incumprimento das normas establecidas na cláusula 33 para executar modificacións no contrato.
- e) A subcontratación ou cesión do contrato sen realizar os trámites previstos na cláusula 36 deste prego.
- f) A violación do deber de sigilo e confidencialidade esixido no presente prego en relación coa información que puidese obter como consecuencia da execución do obxecto do contrato.
- g) A comisión de tres ou máis faltas graves da mesma ou distinta natureza no mesmo ano.

42. RÉXIME DE PENALIZACIÓNS.

A. CONTÍA DAS PENALIDADES.

Os incumprimentos contractuais levarán consigo ás penalizacións seguintes:

- MOI GRAVES: Penalizaranse con multa de entre 3.000 e 6.000 euros por cada infracción ou por día se son continuadas no tempo.



C O N C E L L O
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

- GRAVES: Penalizaranse con multa de entre 601 e 3000 euros por día ou por cada fracción illada se non ten continuidade no tempo.

- LEVES: En xeral penalizaranse con multa de entre 100 e 600 euros por día ou por cada infracción illada se non ten continuidade no tempo.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

En todos os casos esas porcentaxes se aplicarán sobre o prezo de adxudicación e calcularase a sanción por cada infracción, ou día de incumprimento de prazos, en función da súa gravidade, reincidencia e prontitude na súa corrección, e sen prexuízo da potestade de resolución considerada neste prego.

B. INDEMNIZACIÓNS.

A imposición de penalizacións será independente, por un lado, da obriga do concesionario da indemnización, tanto ao Concello como a terceiros, dos danos e perdas que as infraccións que os motivan causaran, e, por outro, do non abono das obras non realizadas.

VII. EXTINCIÓN DO CONTRATO

43. RECEPCIÓN DA OBRA.

O contrato enténdese cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do contrato e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

Dentro do mes seguinte á finalización da obra, procederase, mediante acto formal, á recepción desta.

O devandito acto será comunicado, cando resulte preceptivo, á intervención, para os efectos da súa asistencia potestativa a este.

Se as obras se encontran en bo estado e conforme ás prescricións previstas, o responsable do contrato, se é o caso, ou o representante designado pola Administración, daras por recibidas, levantándose a correspondente acta por triplicado, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción, entregándose un exemplar ao representante da Administración, outro ao director da obra, e o terceiro ao contratista, comezando entón o prazo de garantía. Na acta de recepción o director da obra fixará a data para o inicio da medición xeral, quedando notificado o contratista para o devandito acto.

O contratista ten obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga, o responsable do contrato ou o representante da Administración remitiralle un exemplar da acta para que, no prazo de dez días, formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta, e o director destas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o tivese efectuado, poderá concedérselle outro prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, por causas imputables ao contratista.

Recibidas as obras, procederase seguidamente á súa medición xeral con asistencia do contratista, formulándose polo director da obra, no prazo dun mes dende a recepción, a medición das realmente executadas de acordo co proxecto e a redactar a certificación final, que deberá ser aprobada polo órgano de contratación dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción e que será aboada, se é o caso, ao contratista dentro do prazo de sesenta días a partir da súa expedición a conta da liquidación do contrato.

44. PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN.

O prazo de garantía comezará a contar dende a data da recepción e será o indicado na proposta do adxudicatario, non podendo se inferior a un ano. Os gastos de conservación e vixilancia durante o prazo de garantía serán a cargo do contratista.

Durante o devandito prazo coidará o contratista, en todo caso, da conservación e policía das obras conforme ao previsto no prego de prescricións técnicas particulares do proxecto e ás instrucións que dite a dirección da obra. Se, a xuízo da Administración, descoidase a conservación e der lugar a que perigue a obra, executaranse por ela mesma e a custa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano.

No suposto de que houberse recepcións parciais, o prazo de garantía das partes recibidas comezará a contarse dende as datas das respectivas recepcións parciais, sen prexuízo do disposto na cláusula 73 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 236 do TRLCSP, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución das obras e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación da obra, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

En todo caso, transcorrido o prazo de garantía, se o informe fose favorable ou, no caso contrario, unha vez reparado o construído, formularase polo director da obra e no prazo dun mes a proposta de liquidación das realmente executadas, notificándose ao contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que considere oportunos. No prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, se é o caso, o saldo resultante desta.

Sempre que, por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva da obra ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran as devanditas circunstancias se producirán os efectos



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

e consecuencias propios do acto de recepción da obra nos termos establecidos no artigo 168 do RCAP.

45. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva e transcorrido o prazo de garantía das obras, dítarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval, conforme ao procedemento establecido no artigo 24 do RGCCPM.

No prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía deberá adoptarse e notificarse o acordo de devolución. Se a devolución da garantía non se tivese feito efectiva neste prazo por causa imputable á Administración, esta deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía.

Transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal e a liquidación tivesen tido lugar por causas non imputables ao contratista, procederase á devolución ou cancelación da garantía, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP e sen prexuízo do disposto no artigo 65.3 do RCAP.

46. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS.

Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía, por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos durante o termo de quince anos a contar dende a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

47. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, así como as seguintes:

- A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- O incumprimento das limitacións establecidas en materia de subcontratación, sen prexuízo das penalidades que, se é o caso, se puidesen impoñer.
- A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.
- O incumprimento da obriga do contratista de gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e dos que teña coñecemento con ocasión deste.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, se é o caso, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida polo artigo 109 do RCAP.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva sobre a garantía, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 224 do TRLCSP e 110 do RCAP, e para os seus efectos ao disposto nos artigos 225 e 239 do TRLCSP.

Cuntis, 10 de OUTUBRO de 2016
A SECRETARIA,

M^a Fernanda Montero Parapar. -----

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, a Secretaria, para facer constar que este prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento de contratación da execución da obra “Arranxo Camiños no rural de Cuntis” no Concello de Cuntis, foi aprobado polo Alcalde do Concello de Cuntis, o día

A SECRETARIA,

María Fernanda Montero Parapar.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

ANEXO I

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA VALORABLE MATEMÁTICAMENTE

A persoa que abaixo asina D/Da. _____, maior de idade, con D.N.I. núm. _____ e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome propio (ou en representación de _____, con C.I.F da Empresa _____), recibida a invitación feita polo Concello de Cuntis o día _____, solicita tomar parte no procedemento para a execución da obra denominada “_____”.

E FAI CONSTAR:

1º. Que coñece e acepta plenamente todas as cláusulas do prego de cláusulas administrativas e todas as demais obrigas que se deriven dos restantes documentos contractuais, se resulta adxudicatario do contrato, incluído o cumprimento das obrigas sociais, laborais e fiscais legalmente establecidas.

2º. Que se compromete a executar a obra de conformidade co proxecto técnico, os documentos que o integran e os pregos de cláusulas administrativas particulares, aprobados polo Concello para a execución dos devanditos traballos, nas seguintes condicións:

- Prezo total da execución do obxecto do contrato: _____ €, máis _____ de IVE (en letra e cifras).
- Oferto a mellora na capa de rodadura dos seguintes camiños:
 - *MELLORA NO CAPITULO 1 (camiño da Bragaña).*
 - *MELLORA NO CAPITULO 2 (camiño do Casal).*
 - *MELLORA NO CAPITULO 4 (camiño de Laxos).*
 - *MELLORA NO CAPITULO 5 (camiño de Arcos).*

(Deberanse mencionar exclusivamente os camiños sobre os que se oferta a mellora.)

Lugar, data, e firma (lexible).

(selo da empresa, se é o caso).

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA PERSOAS FÍSICAS

D/Da., con DNI nº....., en nome propio, e domicilio para os efectos de notificacións en, para os efectos de contratar co Concello de Cuntis,

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida neste prego para executar o contrato de

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

3º.- Que estou ao corrente nas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables , o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

5º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente é

6º.- A dirección, teléfono e Fax do empresario e do seu representante se é o caso, para as comunicacións con este Concello son:.....

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de tramitación, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpo todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Cuntis a súa verificación directa.

Cuntis, de..... de.....

Asdo.:



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA PERSOAS XURÍDICAS

D/Da., con DNI nº....., en nome e representación da sociedade....., con NIF nº....., de acordo coa escritura de poder.....(o documento que o habilite para actuar en nome da persoa xurídica a que representa a efectos de contratar co Concello de Cuntis)

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación legalmente esixida para concertar co Concello de Cuntis a execución do contrato de..... O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo dos seus estatutos sociais, estatutos que se encontran debidamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- (Alternativamente)

Que dita empresa dispón de clasificación/solvencia requirida para dita contratación./
Que dita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación /solvencia establecidos para concorrer a dita contratación, completándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

- a. Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil..., adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE no caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (neste caso a declaración ha de ser subscripta por cada unha das empresas que integrarán a UTE).
- b. Dispoñendo dos medios externos para executar as prestacións seguintes:..... ditos medios externos consisten ene serán aportados por.....A tal efecto subscribirase por dita empresa un.....

3º.- (Alternativamente)

Que a esta licitación NON concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento/
Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento:

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de contratos do sector público.

5º.- Que a empresa á que represento está ao corrente de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Que a empresa á que represento NON/SI ten un número de 50 ou mais traballadores, (no caso de superar esa cifra) sendo o número de traballadores con discapacidade na empresa de ..., o que supón un% traballadores pertencentes a este colectivo, (alternativamente segundo o caso), significando que se ha suplido a esixencia legal de dispoñer no cadro de persoal de máis do 2% de traballadores con discapacidade polas medidas alternativas legalmente previstas seguintes:.....

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables , o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

8º.- Que o correo electrónico para recibir todas as comunicacións relacionadas co presente expediente é

9º.- A dirección, teléfono e Fax do empresario e do seu representante se é o caso, para as comunicacións con este Concello son:.....

10º.- (Para empresas estranxeiras) Que a empresa á que represento sométese a xurisdición española, con renuncia ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puidera corresponder.

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido pola unidade de tramitación, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Cuntis a súa verificación directa.

Cuntis, de de.....

Asdo.:

Selo da empresa



ANEXO IV

Resumo de características:

1.-CLASIFICACIÓN CPV.

O obxecto deste contrato corresponde ao código 45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

2.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O valor estimado do contrato é de 82.644,63 euros.

Deberá indicarse o Ive en partida independente que ascende a 17.355,37 euros.

Na devandita oferta entenderanse incluídos todos os gastos que de acordo co presente prego son de conta do adxudicatario, así como todos os custos directos e indirectos aos que este haxa de facer fronte para presentar a súa oferta e cumprir con todas as obrigas contractuais.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O expediente se contabilizará na aplicación orzamentaria **454.61100** na que existe crédito axeitado e suficiente (RC 3543/2016).

4.- DURACIÓN DEL CONTRATO.

O prazo máximo de execución da obra será de 1 mes.

5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

A competencia para contratar corresponde ao alcalde do Concello, de acordo coa distribución de competencias establecida na disposición adicional segunda do TRLCSP.

6.- SOLVENCIA TÉCNICA E ECONÓMICA.

A.Solvencia económica:

- Volume anual de negocios por importe igual ou superior ao esixido no convite a participar no procedemento e nos pregos do contrato, acreditado mediante a achega do resumen da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390), correspondente ao último exercicio presentado.

Trátase de que o licitador conte cos medios financeiros adecuados para o exercicio da súa actividade; moi especialmente no que se refire aos compromisos que para a execución do contrato poida contraer con terceiras persoas.

B. Solvencia técnica: Deberase acreditar a solvencia técnica polos seguintes medios:

- Relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; se é o caso, os devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente

Entenderase acreditada a solvencia coa presentación de **certificados de boa execución de dúas obras similares ás do obxecto deste contrato**, de entre as que figuren na relación presentada, e cuxo presuposto de execución, excluído o IVE, sexa igual ou superior ao valor estimado do contrato.

7.- CRITERIOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN.

Prezo

Melloras na capa de rodadura recollidas no proxecto.

8.- VALORACIÓN DAS OFERTAS. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA.

Criteria avaliados matematicamente, ata un máximo de 100 puntos.

- A mellora na capa de rodadura dos camiños valorarase cunha puntuación máxima de **90 puntos**, do seguinte xeito:
 - MELLORA NO CAPITULO 1 (camiño da Bragaña) :32 puntos
 - MELLORA NO CAPITULO 2 (camiño do Casal): 24 puntos.
 - MELLORA NO CAPITULO 4 (camiño de Laxos): 19 puntos.
 - MELLORA NO CAPITULO 5 (camiño de Arcos): 15 puntos.
- **O prezo ofertado** valorarase cunha puntuación máxima de **10 puntos**, de acordo coa seguinte fórmula.

Se algunha oferta supón unha baixa igual ou superior ao 5 %, a oferta máis baixa recibirá 10 puntos e as demais recibirán unha puntuación proporcional a esta.

En caso contrario aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=10 \times \frac{(1,35 P_m - P_0)}{0,7P_m}$$

P=Puntuación

Po=Prezo ofertado

Pm= Prezo medio

9.- HABILITACIÓN EMPRESARIAL E PROFESIONAL.

Para a execución deste contrato non é preciso contar con habilitación profesional e empresarial específica.